


Comprensión textual

Tema e estrutura do texto

Resumo e esquemas



O TEMA

- Frase que sintetiza e engloba todo o texto
- Entre seis ou doce palabras
- Debe ser conciso, claro e concreto.

Artigo + substantivo abstracto + complementos

A visión irónica da guerra que perxudiza ao pobo


Pódese chegar a identificalo formulando as seguintes preguntas:


Que di o texto?

Que pretende dicir a autoría?

Por que o di?

Para que o di?






O RESUMO

- Breve: só datos imprescindibles
- Orde
- Un quinto da extensión do texto
- Nun único parágrafo

Ler o texto: *O meu nome é 'Robot'* (apuntamentos)



Parece que todos nos estamos convertendo pouco a pouco no Homo videns: a televisión, unha vez máis ten a culpa. Isto é o que vén a dicir o profesor Sartori da Universidade de Florencia (...) Sartori fala da sociedade teledirixida (...) Hoxe o poder está en ser o rei do mando. (...) Aí reside o verdadeiro poder doméstico, no control familiar da programación; o mesmo que, a grande escala, o poder reside en posuír televisións ou en controlalas.

A influencia pavorosa da televisión descansa nun feito innegable. A súa omnipresenza. Resulta moi difícil safarse dela. Pero hai algo máis: a pesar das críticas que suscita e das polémicas que levanta, a tele provoca certa adicción (xa hai centros para desintoxicación de internautas empedernidos: imaxino que debería existir algo similar para os televidentes enganchados).

Para colmo de males, a mensaxe da televisión é extraordinariamente simple e cómoda: a imaxe vese, sen máis, case sen querer. Non é necesario un acto volitivo especial, como pode ser coller un libro do estante e lelo. A televisión teno todo ó seu favor porque logrou coarse como o electrodoméstico imprescindible do fogar, moi por encima da lavadora ou do lavalouza. Como di Sartori, o libro converteuse en algo demasiado elitista e minoritario, cando non sospeitoso de intelectualidade, mentres a tele, cunha mensaxe frecuentemente simplificadora, edulcorada e coloreada, entra sen máis nas nosas vidas con pasmosa facilidade.

A televisión é para a cultura o que a hamburguesa para a gastronomía: unha comida rápida, pero universalmente estendida.

RESUMOS INCORRECTOS

Rexistro inadecuado (linguaxe demasiado coloquial)

Pois que hai unha morea de xente investigando en España sobre robots e iso, pero as empresas non teñen pasta para logo facer robots de verdade. Así que chegan empresas estranxeiras e fanse de ouro co noso. Coma sempre, os xaponeses están á última, e os alemáns e europeos. Iso si, en nada imos ver cantidade de robots en sitios como hospitais, bancos e todo iso.

RESUMOS INCORRECTOS

Todo o resumo nunha soa frase

O autor explica como é a situación da industria española en relación coa robótica, que aínda que en investigación somos un país líder, con universidades e asociacións especializadas neste ámbito, faltan verdadeiros medios económicos para implementar todo ese caudal de coñecemento e convertelo en tecnoloxía aplicada, en industria e ao final en beneficios económicos, pero que en todo caso estamos só ante as portas dunha explosión no número de robots ao noso servizo.

RESUMOS INCORRECTOS

Rexistro inadecuado (linguaxe demasiado literaria)

Hordas de criaturas manufacturadas veñen dispostas a conquistar o noso pacífico mundito. Todo porque unha pléiade de sabios de bata branca xogan a ser deuses cos seus bisturís electrónicos e poñen ao servizo da súa fe talento e neuronas. Chegan os robots. Pero unha esperanza quédalle ao homo hispánicus: a nosa atávica incapacidade de converter en moeda tanta sabiduría, o noso desprezo polo simple metal. Que se lucren outros.

RESUMOS INCORRECTOS

Texto demasiado breve

O texto conta que en España hai bastante información e investigación sobre robótica, pero pouca industria.

RESUMOS INCORRECTOS

Texto con argumentación propia

A investigación en España sobre os robots está bastante ben, pero o certo é que ao final, para desenvolver a tecnoloxía necesitamos do capital estranxeiro. Temos que aprender de países como Xapón, que destinan máis diñeiro a I+D, pero ademais saben logo convertelo en tecnoloxía propia e en beneficios económicos.

RESUMOS INCORRECTOS

Simple enumeración de ideas (non é un texto ben redactado e cohesionado)

España é un país líder no terreo da robótica. A investigación avanza satisfactoriamente. Non hai suficientes empresas nacionais que invirtan neste ámbito. Prevese que nos próximos anos a situación mellore.


RESUMOS INCORRECTOS

Cópianse literalmente partes do texto!!!

No mundo da robótica, España sobresaen en investigación, pero suspende en transferencia de tecnoloxía, produción e comercialización propia. A paixón desbórdase nas universidades, pero sobran os dedos dunha man para contar os inversores e compañías privadas que apostan por estas ideas ata o final. A robótica de servizo será un dos sectores en ebulición nos próximos anos.

RESUMO CORRECTO


España é un país líder no ámbito da robótica, pero existen certos problemas neste eido. A investigación está ben desenvolta, con universidades e institucións involucradas, pero falta mentalidade inversora para converter eses coñecementos en tecnoloxía e en beneficios económicos nacionais. En calquera caso, os avances son enormes e, segundo os expertos, avecíñase unha auténtica revolución.




O ESQUEMA

DE IDEAS

- 1. Lectura e comprensión
- 2. Subliñado de ideas principais e secundarias
- 3. Formulación das ideas de xeito breve e claro






O ESQUEMA

- Debe aparecer o fundamental dos contidos do texto, xerarquizado por orde de importancia.

DE IDEAS



- As ideas han estar enunciadas de xeito breve: unha palabra ou unha frase curta.

SUBLIÑAR IDEAS PRINCIPAIS
E SECUNDARIAS

Parece que todos nos estamos convertendo pouco a pouco no Homo videns: a televisión, unha vez máis ten a culpa. Isto é o que vén a dicir o profesor Sartori da Universidade de Florencia (...) **Sartori fala da sociedade teledirixida** (...) Hoxe **o poder está en ser o rei do mando**. (...) **Aí reside o verdadeiro poder doméstico**, no control familiar da programación; o mesmo que, a grande escala, **o poder reside en posuír televisións ou en controlalas**.

A influencia pavorosa da televisión descansa nun feito innegable. A súa omnipresenza. Resulta moi difícil safarse dela. Pero hai algo máis: a pesar das críticas que suscita e das polémicas que levanta, a **tele provoca certa adicción** (xa hai centros para desintoxicación de internautas empedernidos: imaxino que debería existir algo similar para os televidentes enganchados).

Para colmo de males, a mensaxe da televisión é extraordinariamente simple e cómoda: a imaxe vese, sen máis, case sen querer. Non é necesario un acto volitivo especial, como pode ser coller un libro do estante e lelo. A televisión teno todo ó seu favor porque logrou coarse como o electrodoméstico imprescindible do fogar, moi por encima da lavadora ou do lavalouza. Como di Sartori, o libro converteuse en algo demasiado elitista e minoritario, cando non sospeitoso de intelectualidade, mentres a tele, cunha mensaxe frecuentemente simplificadora,edulcorada e coloreada, entra sen máis nas nosas vidas con pasmosa facilidade.

A televisión é para a cultura o que a hamburguesa para a gastronomía: unha comida rápida, pero universalmente estendida.

FORMULACIÓN DAS IDEAS
DE XEITO BREVE E CLARO

Parece que todos nos estamos convertendo pouco a pouco no Homo videns: a televisión, unha vez máis ten a culpa. Isto é o que vén a dicir o profesor Sartori da Universidade de Florencia (...) Sartori fala da sociedade teledirixida (...) Hoxe o poder está en ser o rei do mando. (...) Aí reside o verdadeiro poder doméstico, no control familiar da programación; o mesmo que, a grande escala, o poder reside en posuír televisións ou en controlalas.

A sociedade actual está controlada e dirixida pola televisión.

Quen controla a televisión posúe o poder tanto a nivel familiar como social.

A influencia pavorosa da televisión descansa nun feito innegable. A súa **omnipresenza**. Resulta moi difícil safarse dela. Pero hai algo máis: a pesar das críticas que suscita e das polémicas que levanta, **a tele provoca certa adicción** (xa hai centros para desintoxicación de internautas empedernidos: imaxino que debería existir algo similar para os televidentes enganchados).

O seu poder débese a que chega a todas partes e a que ofrece unha mensaxe sinxela e cómoda.

Causa adicción

O seu poder débese a que chega a todas partes e a que ofrece unha mensaxe sinxela e cómoda.

Para colmo de males, a mensaxe da televisión é extraordinariamente simple e cómoda: a imaxe vese, sen máis, case sen querer. Non é necesario un acto volitivo especial, como pode ser coller un libro do estante e lelo. A televisión teno todo ó seu favor porque logrou coarse como o electrodoméstico imprescindible do fogar, moi por encima da lavadora ou do lavalouza. Como di Sartori, o libro converteuse en algo demasiado elitista e minoritario, cando non sospeitoso de intelectualidade, mentres a tele, cunha mensaxe frecuentemente simplificadora,edulcorada e coloreada, entra sen máis nas nosas vidas con pasmosa facilidade.

Converteuse nun electrodoméstico imprescindible

A televisión é para a cultura o que a hamburguesa para a gastronomía: unha comida rápida, pero universalmente estendida.

Culturalmente é un produto de escasa calidade, pero chega a todo o mundo.

DETERMINACIÓN DE GRANDES APARTADOS

3 apartados correspondentes cos 3 parágrafos do texto

- Introdución ou tese: a sociedade actual está controlada pola televisión (1^o parágrafo)
- Argumentación (2^o parágrafo)
- Conclusión (3^o parágrafo)

DISPOSICIÓN GRÁFICA DAS
IDEAS SEGUNDO A SÚA
IMPORTANCIA

Parece que todos nos estamos convertendo pouco a pouco no Homo videns: a televisión, unha vez máis ten a culpa. Isto é o que vén a dicir o profesor Sartori da Universidade de Florencia (...) Sartori fala da sociedade teledirixida (...) Hoxe o poder está en ser o rei do mando. (...) Aí reside o verdadeiro poder doméstico, no control familiar da programación; o mesmo que, a grande escala, o poder reside en posuír televisións ou en controlalas.

1. A sociedade actual está controlada e dirixida pola televisión.

1.1. Quen controla a televisión posúe o poder tanto a nivel familiar como social.

A influencia pavorosa da televisión descansa nun feito innegable. A súa **omnipresenza**. Resulta moi difícil safarse dela. Pero hai algo máis: a pesar das críticas que suscita e das polémicas que levanta, **a tele provoca certa adicción** (xa hai centros para desintoxicación de internautas empedernidos: imaxino que debería existir algo similar para os televidentes enganchados).

2. O seu poder débese a que chega a todas partes e a que ofrece unha mensaxe sinxela e cómoda.

2.1. Causa adicción

O seu poder débese a que chega a todas partes e a que ofrece unha mensaxe sinxela e cómoda.

Para colmo de males, a mensaxe da televisión é extraordinariamente simple e cómoda: a imaxe vese, sen máis, case sen querer. Non é necesario un acto volitivo especial, como pode ser coller un libro do estante e lelo. A televisión teno todo ó seu favor porque logrou coarse como o electrodoméstico imprescindible do fogar, moi por encima da lavadora ou do lavalouza. Como di Sartori, o libro converteuse en algo demasiado elitista e minoritario, cando non sospeitoso de intelectualidade, mentres a tele, cunha mensaxe frecuentemente simplificadora,edulcorada e coloreada, entra sen máis nas nosas vidas con pasmosa facilidade.

2.2. Converteuse nun electrodoméstico imprescindible

A televisión é para a cultura o que a hamburguesa para a gastronomía: unha comida rápida, pero universalmente estendida.

3. Culturalmente é un produto de escasa calidade, pero chega a todo o mundo.

1. A sociedade actual está controlada e dirixida pola televisión.

1.1 Quen controla a televisión posúe o poder tanto a nivel familiar como social.

2. O seu poder débese a que chega a todas partes e ofrece unha mensaxe sinxela e cómoda.

2.1 Causa adicción

2.2 Converteuse nun electrodoméstico imprescindible.

3. Culturalmente é un produto de escasa calidade, pero chega a todo o mundo.

A ESTRUTURA DUN TEXTO

TEXTO NARRATIVOS

INTRODUCCIÓN

NÓ

DESENLACE

TEXTO ARGUMENTATIVOS

TESE

ARGUMENTOS

CONCLUSIÓN

Deductiva ou inductiva



A ESTRUTURA DUN TEXTO





TEXTO DESCRITIVOS



TEXTO DIALOGADOS



TEXTO EXPOSITIVOS



Introdución ou tese: a sociedade actual está controlada pola televisión (1º parágrafo)

Argumentación: causas do éxito da televisión (2º parágrafo)

Conclusión: é un produto popular a pesar da súa baixa calidade (3º parágrafo)

Actividade

Como na escola nos ensinaron a identificar unidade política europea con idioma nacional (“para España o español, para Italia o italiano, para Francia o francés, etc.”), o multilingüismo segue a ser unha realidade pouco explorada, considerado como un problema que precisa solución en lugar dunha riqueza da que gabarse. Pero o monolingüismo non é a realidade normal, nin sequera é unha realidade desexable, inevitable ou suficiente. Fóra dese reduccionismo escolar, na maioría das rexións do mundo os individuos desenvolven as súas vidas mediante o uso de varias linguas.

As contas saen de xeito ben doado: temos unhas seis mil linguas e uns douscentos cincuenta estados ou territorios independentes; xa que logo, as linguas teñen que solaparse, compartir territorios e mesmo instalarse á vez nas mentes dos individuos. E o reparto non é equitativo e resiste a calquera análise simplificadora. De entrada hai linguas que gozan de excelente estado de saúde. (...) No outro extremo, a maior parte das linguas da humanidade subsisten en precario: sen posibilidade de acceder aos grandes modelos de prestixio simbólico, sen presenza efectiva nos medios de comunicación, na ciencia ou na arte, as máis das veces mesmo sen existencia por escrito. Como calquera outro reparto de riqueza, o das linguas é problemático pola parte que a todos nos toca de culpabilidade no asunto.

Teresa Moure, 2003.

1. Enuncia o tema do texto

O desprestixio do multilingüismo e a desigualdade no tratamento das lingua en contacto.

2. Intención comunicativa

Denunciar a mala situación dalgunhas linguas e a mala consideración do multilingüismo que parte xa desde a escola.

3. Elabora un esquema coas ideas principais e secundarias.

Como na escola nos ensinaron a identificar unidade política europea con idioma nacional (“para España o español, para Italia o italiano, para Francia o francés, etc.”), o multilingüismo segue a ser unha realidade pouco explorada, considerado como un problema que precisa solución en lugar dunha riqueza da que gabarse. Pero o monolingüismo non é a realidade normal, nin sequera é unha realidade desexable, inevitable ou suficiente. Fóra dese reduccionismo escolar, na maioría das rexións do mundo os individuos desenvolven as súas vidas mediante o uso de varias linguas.

As contas saen de xeito ben doado: temos unhas seis mil linguas e uns douscentos cincuenta estados ou territorios independentes; xa que logo, **as linguas teñen que solaparse, compartir territorios e mesmo instalarse á vez nas mentes dos individuos. E o reparto non é equitativo e resiste a calquera análise simplificadora. De entrada hai linguas que gozan de excelente estado de saúde. (...) No outro extremo, a maior parte das linguas da humanidade subsisten en precario: sen posibilidade de acceder aos grandes modelos de prestixio simbólico, sen presenza efectiva nos medios de comunicación, na ciencia ou na arte, as máis das veces mesmo sen existencia por escrito. Como calquera outro reparto de riqueza, o das linguas é problemático pola parte que a todos nos toca de culpabilidade no asunto.**

Teresa Moure, 2003.

2 apartados correspondentes cos 2 parágrafos do texto

1^o parágrafo: características do multilingüismo

2^o parágrafo: diferente situación das linguas

O multilingüismo é a situación lingüística habitual no planeta

Como na escola nos ensinaron a identificar unidade política europea con idioma nacional (“para España o español, para Italia o italiano, para Francia o francés, etc.”), o multilingüismo segue a ser unha realidade pouco explorada, considerado como un problema que precisa solución en lugar dunha riqueza da que gabarse. Pero o monolingüismo non é a realidade normal, nin sequera é unha realidade desexable, inevitable ou suficiente. Fóra dese reduccionismo escolar, na maioría das rexións do mundo os individuos desenvolven as súas vidas mediante o uso de varias linguas.

Supón unha riqueza cultural

É a realidade natural fronte ao monolingüismo

O tratamento que reciben as linguas en contacto non é equitativo

Algunhas gozan dun estatus máis que digno

Outras non teñen presenza nos ámbitos de prestixio

As contas saen de xeito ben doado: temos unhas seis mil linguas e uns douscentos cincuenta estados ou territorios independentes; xa que logo, **as linguas teñen que solaparse, compartir territorios e mesmo instalarse á vez nas mentes dos individuos. E o reparto non é equitativo** e resiste a calquera análise simplificadora. De **entrada hai linguas que gozan de excelente estado de saúde.** (...) No outro extremo, **a maior parte das linguas da humanidade subsisten en precario: sen posibilidade de acceder aos grandes modelos de prestixio simbólico, sen presenza efectiva nos medios de comunicación, na ciencia ou na arte, as máis das veces mesmo sen existencia por escrito.** Como calquera outro reparto de riqueza, **o das linguas é problemático pola parte que a todos nos toca de culpabilidade no asunto.**

Non se usan nos medios de comunicación, na ciencia e na arte

Non teñen existencia escrita

A comunidade lingüística ten parte de culpa desta situación

5^o: disposición gráfica das ideas
segundo a súa importancia

1.0 multilingüismo é a situación lingüística habitual no planeta

Como na escola nos ensinaron a identificar unidade política europea con idioma nacional (“para España o español, para Italia o italiano, para Francia o francés, etc.”), o multilingüismo segue a ser unha realidade pouco explorada, considerado como un problema que precisa solución en lugar dunha riqueza da que gabarse. Pero o monolingüismo non é a realidade normal, nin sequera é unha realidade desexable, inevitable ou suficiente. Fóra dese reduccionismo escolar, na maioría das rexións do mundo os individuos desenvolven as súas vidas mediante o uso de varias linguas.

1.1. Supón unha riqueza cultural

1.2. É a realidade natural fronte ao monolingüismo

2.0 tratamento que reciben as linguas en contacto non é equitativo

2.1. Algunhas gozan dun estatus máis que digno

2.2. Outras non teñen presenza nos ámbitos de prestixio

As contas saen de xeito ben doado: temos unhas seis mil linguas e uns douscentos cincuenta estados ou territorios independentes; xa que logo, **as linguas teñen que solaparse, compartir territorios e mesmo instalarse á vez nas mentes dos individuos. E o reparto non é equitativo** e resiste a calquera análise simplificadora. De **entrada hai linguas que gozan de excelente estado de saúde.** (...) No outro extremo, **a maior parte das linguas da humanidade subsisten en precario: sen posibilidade de acceder aos grandes modelos de prestixio simbólico, sen presenza efectiva nos medios de comunicación, na ciencia ou na arte, as máis das veces mesmo sen existencia por escrito.** Como calquera outro reparto de riqueza, **o das linguas é problemático pola parte que a todos nos toca de culpabilidade no asunto.**

2.2.1. Non se usan nos medios de comunicación, na ciencia e na arte

2.2.2. Non teñen existencia escrita

2.3. A comunidade lingüística ten parte de culpa desta situación

1. O multilingüismo é a situación lingüística habitual no planeta
 - 1.1. Supón unha riqueza cultural
 - 1.2. É a realidade natural fronte ao monolingüismo
2. O tratamento que reciben as linguas en contacto non é equitativo
 - 2.1. Algunhas gozan dun estatus máis que digno
 - 2.2. Outras non teñen presenza nos ámbitos de prestixio
 - 2.2.1. Non se usan nos medios de comunicación, na ciencia e na arte
 - 2.2.2. Non teñen existencia escrita
 - 2.3. A comunidade lingüística ten parte de culpa desta situación